

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.*

A Estratexia nacional sobre drogas 2009-2016, cos seus correspondentes plans de acción, recollen a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave. Concretamente o Plan de acción 2009-2016 da dita estratexia pon en valor a dimensión da saúde pública como compoñente social nas políticas de drogas e supón unha firme aposta para mellorar as intervencións e garantir a súa calidade a través da actividade coordinada entre todas as administracións que, pola súa vez, contan coa colaboración imprescindible das organizacións non gobernamentais para pór en marcha as medidas que contén o dito plan, onde se prevén seis ámbitos de intervención de acordo cos obxectivos marcados na estratexia nacional. O maior peso recae no ámbito da redución da demanda, que conta con 36 accións, o que supón máis da metade das que ten o plan. Dentro dese ámbito, a prevención é o tema privilexiado, con 17 accións, entre as cales se destacan accións dirixidas a sensibilizar e informar os distintos sectores sociais sobre os riscos a que pode conducir o consumo de drogas, así como a énfase posta en todo o que ten que ver coa prevención nos ámbitos educativo e escolar.

O Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016 recolle dez liñas estratéxicas de actuación, entre as cales destaca a diminución da prevalencia dos consumos de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas; a regulación e control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco a menores; a prevención das adicións sociais e condutas relacionadas e a diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas. Concretamente, as cinco primeiras liñas estratéxicas establecen as actuacións clave e as persoas responsables de desenvolvelas, e son os concellos e as entidades cidadás, é dicir, as entidades privadas que traballan en materia de drogodependencias, as que terán competencia no desenvolvemento de campañas e actos de sensibilización social sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas e outras adicións sociais e condutas relacionadas, e na elaboración de guías e materiais de sensibilización social nos ámbitos escolar, familiar, xuvenil e laboral. Faise especial fincapé na necesidade de ter en conta as evidencias científicas existentes para o deseño das políticas e dos programas en materia de prevención.



Para o desenvolvemento deste plan tívose en conta a investigación socio-epidemiolóxica do consumo de drogas. En Galicia, esta investigación faise de forma continuada desde o ano 1988 con estudos bianuais. O último estudo do Consumo de drogas en Galicia, ademais da análise de prevalencias, factores de risco e protección e doutras variables socio-lóxicas, describe o mapa de risco epidemiolóxico atendendo á ordenación das diferentes áreas sanitarias de Galicia.

O mapa establece dous índices de risco: o índice do risco absoluto, en función da presenza significativa das trece drogas estudadas en cada unha das áreas e o índice de risco relativo, que pondera a incidencia de cada droga polo peso de poboación de cada área de saúde; isto permite establecer unha orde de prioridade. Así, cun risco alto atópanse as áreas sanitarias de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, cun risco medio-alto atópanse as de Ourense, Ferrol, Pontevedra e Lugo e cun risco menor as do Salnés, Cervo-Burela, O Barco de Valdeorras e Monforte de Lemos.

Así pois, salientando a importancia de intensificar a coordinación e a cooperación institucional co fin de promover a participación social e as entidades privadas que traballan no ámbito da prevención e, de acordo cos obxectivos estratéxicos do plan, esta orde pretende fomentar e dar continuidade ás políticas de prevención de drogodependencias e doutras condutas adictivas.

Cómpre, ademais de dar continuidade temporal aos programas desenvolvidos –durante anos anteriores– ao abeiro dos convenios de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro en materia de prevención de drogodependencias, promover a concorrencia competitiva con outras entidades sen ánimo de lucro cuxo ámbito de actuación sexan novos concellos de Galicia.

De acordo co exposto, e con suxeición ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e en consonancia coas facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, nos seus artigos 34 e 38,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar en réxime de cofinanciamento e concorrencia competitiva a concesión de subvencións a proxectos de



prevención de drogodependencias e condutas adictivas que se desenvolvan en Galicia nos anos 2014 e 2015, en consonancia coas áreas de actuación prioritarias establecidas pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, entre as cales se atopan as recollidas no artigo 4 da presente orde.

### Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

Poderán concorrer todas aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro de Galicia que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias e outras condutas adictivas e presenten e promovan, individualmente ou asociadas, o desenvolvemento dun proxecto obxecto da presente orde.

A asignación económica da subvención terá carácter individual para cada asociación, agás no caso de agrupacións de asociacións en que se asignará unha única subvención para realizar o proxecto común. Nestes casos, as asociacións integrantes da agrupación nomearán, no momento de presentar a solicitude, un/unha representante único/a do proxecto conxunto que actuará como coordinador/a e interlocutor/a ante a Consellería de Sanidade.

No caso de que algunha asociación formule solicitude colectiva e individual ao mesmo tempo, soamente se terá en conta a colectiva.

### Artigo 3. *Requisitos*

Serán requisitos para optar a unha subvención para os proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas:

1. A presentación dun proxecto de actuación para os anos 2014-2015 orientado ao fomento de estilos de vida saudables para a prevención das drogodependencias e outras condutas adictivas (sociais e comportamentais). Este proxecto denominarase xenericamente para os efectos desta convocatoria «Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas».

2. A creación formal dunha unidade/servizo de prevención de condutas adictivas, só para aqueles proxectos de prevención de drogodependencias universal, selectiva e indicada, excluindo de cumpriren este requisito aqueles proxectos que se presenten a desenvolver programas e actividades de prevención indicada dirixida a programas de redución de riscos e danos na rúa e espazos abertos, aos cales se refire o artigo 4.3 da presente orde.



Esa unidade/servizo estará constituída, polo menos, por un/unha profesional (titulado/a superior ou grao medio), preferentemente licenciado/a en psicoloxía, pedagogía, educación social ou traballo social, con formación específica en drogodependencias e outras condutas adictivas, que actuará como coordinador/a e representante técnico/a do proxecto ante a Consellería de Sanidade.

3. Contar coa infraestrutura física axeitada e necesaria para a localización da unidade/servizo de prevención de condutas adictivas para o adecuado desenvolvemento das funcións, programas e actividades que debe desenvolver.

4. Estar inscrita no momento da solicitude de subvención no Rexistro de Entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre drogas regulado no Decreto 74/2002, do 28 de febreiro, polo que se crea o Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre drogas, e se regula o procedemento para a súa declaración de interese, modificado polo Decreto 58/2005, do 24 de febreiro.

5. Acreditar de forma fidedigna, a entidade solicitante unha experiencia profesional de traballo no eido das drogodependencias de, polo menos, 5 anos.

6. O proxecto presentado deberá abranger unha área de actuación mínima de 10.001 habitantes e poderá ser de carácter municipal ou abranger varios concellos para os cales se presenta un proxecto común. Para tal fin a poboación destinataria do proxecto comprobárase no padrón municipal que figure na páxina web do Instituto Galego de Estatística á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Aqueles proxectos que se presenten para desenvolver programas e actividades de prevención indicada sinalados no artigo 4.3, quedan eximidos deste requisito.

7. De idéntico xeito, para aqueles proxectos presentados coa cualificación de plan comunitario de intervención en prevención de drogodependencias, as entidades concorrentes deberán presentar o certificado municipal de poboación que din abranger, isto é: a bisbarra, o concello, distrito municipal ou o barrio en que desenvolven ou pretenden desenvolver, a súa intervención comunitaria.

8. As entidades solicitantes deberán manifestar obrigatoria e expresamente a clase á que optan, segundo o indicado no artigo 8 desta orde. Se unha entidade privada se asociar con outra co fin de desenvolver un proxecto común nun mesmo ámbito territorial de actuación, nomearán entre elas a responsable interlocutora e receptora da subvención ante a Consellería de Sanidade para todos os efectos.



9. Presentar a documentación completa requirida no artigo 11 desta orde no prazo establecido nel.

#### Artigo 4. *Contidos dos proxectos*

1. Serán programas e actividades de carácter básico e voluntario no eido da prevención universal, selectiva e indicada.

Aqueles proxectos que desenvolvan programas de prevención das drogodependencias nos ámbitos escolar, familiar e xuvenil recollidos no catálogo de programas contidos na carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre drogas da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, que tamén se reflicten no anexo III da presente orde.

Non é, pois, obrigatoria, a presentación da totalidade dos 7 programas do carácter básico reflectidos no citado anexo III, pero si, a existencia de presentar polo menos un deles por ámbito.

2. Serán programas e actividades de carácter complementario e voluntario igualmente valorables neste eido da prevención:

Aqueles programas e actividades encamiñadas á prevención das drogodependencias dirixidos a outros ámbitos que, recollidos ou non, no nomeado catálogo, se estean levando a cabo ou propoñan pór en marcha as entidades privadas. Para tal fin, poderanse desenvolver programas no ámbito da prevención laboral, xénero ou outras actividades transversais de información, sensibilización, formación de mediadores/as sociais e sanitarios/as e outros (ver anexo III da presente orde).

3. Para proxectos de prevención indicada dirixida a programas de redución de riscos e diminución de danos a drogodependentes en situación de emerxencia social, o proxecto contará con carácter obrigatorio cos seguintes programas e as súas respectivas actividades:

- a) Programa de captación de persoas drogodependentes e intervención na rúa.
- b) Programa de centro de encontro e acollida, coa infraestrutura física indispensable para o seu desenvolvemento.
- c) Programa de redución de riscos e diminución de danos propiamente dito: intercambio de material de inxección, dispensa e distribución de kits hixiénicos, preservativos, etc.



d) Programa de información-formación ás persoas destinatarias do proxecto.

En todos os programas e actividades recollidos neste artigo deberase prever a perspectiva de xénero, no relativo á súa metodoloxía e contidos.

Artigo 5. *Funcións da unidade/servizo de prevención de condutas adictivas*

1. Atender e canalizar as demandas de información, asesoramento e formación en relación coas drogas no seu ámbito territorial de actuación.

2. Planificar, programar, coordinar, executar e avaliar programas de prevención de drogodependencias nos diferentes ámbitos de intervención: educativo, familiar, xuvenil, laboral, poboacións vulnerables, preferentemente comunidade xitana, programas en clave de xénero e outras actividades transversais de información-sensibilización, así como formación de mediadores/as sociais e sanitarios/as.

3. Mecanizar todos os programas preventivos realizados, así como cada unha das variables que conforman o Sistema de Información da Consellería de Sanidade na área da prevención das drogodependencias, a través da aplicación informática para a Xestión do Sistema de Avaliación de Programas de Prevención Xesapi (Xestión do Sistema de Avaliación de Programas de Prevención).

4. Ser un nexo de unión e de coordinación coas distintas entidades que potencialmente poidan estar implicadas no proxecto no ámbito do seu territorio de actuación, tales como concello, centros escolares, sociais, sanitarios e entidades de todo tipo e a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

5. Difundir á sociedade por todos os medios de comunicación ao seu alcance as estratexias preventivas que se estean realizando no seu territorio, así como os resultados alcanzados con elas: visualización social do proxecto no contexto que se aplica.

6. Detectar no seu ámbito posibles incumprimentos de normativa sobre promoción, publicidade, venda e consumo de bebidas alcohólicas e tabaco.

7. Axustar a súa actuación ás indicacións da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública emanadas dos principios e directrices do Plan de trastornos adictivos da Xunta de Galicia 2011-2016 en materia de prevención; en concreto, no que poida atinxir á realización conxunta de proxectos piloto en materia de innovación e xestión da saúde pública.



8. Elaborar os informes que permitan o correcto seguimento e avaliación dos proxectos segundo os procedementos de seguimento e avaliacións intermedias, que determine a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

#### Artigo 6. *Dispoñibilidades orzamentarias*

1. A contía total das subvencións concedidas ao abeiro desta orde aos proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas ascende a 605.000 euros, e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 1002.413A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, distribuíndose en dúas anualidades:

– Ano 2014: 363.000 €.

– Ano 2015: 242.000 €.

2. No entanto, estas contías pódense ver incrementadas, se for o caso, a través das oportunas modificacións orzamentarias por maior dispoñibilidade de crédito como consecuencia dalgunha das circunstancias expostas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia incluíndo a dispoñibilidade de fondos procedentes do Estado, aplicándose, en todo o demais, o disposto no mencionado artigo.

3. En calquera caso, a concesión das subvencións reguladas nesta orde limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no momento de resolución de concesión. As subvencións que se concedan e as contribucións que se conveñan terán carácter ocasional, están suxeitas a limitación orzamentaria e non xerarán ningún dereito de continuidade na asignación de financiamento ás entidades destinatarias para exercicios sucesivos.

#### Artigo 7. *Normas xerais sobre as subvencións*

1. A contía da subvención non poderá ser superior á cantidade solicitada ou ao 95 % do orzamento total do proxecto para o cal se solicita a subvención.

2. Ademais, a contía máxima destas subvencións non poderá, en ningún caso, superar o custo do proxecto que desenvolvan as entidades beneficiarias, xa sexa illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados.

3. Na solicitude deberá especificarse: a contía total do proxecto que se vaia desenvolver, a subvención que se solicita e a contía do cofinanciamento que a entidade solicitante achega ao proxecto.



4. Poderán subvencionarse os programas e actividades recollidas no proxecto que abrangan a súa realización desde o 1 de xuño de 2014 ata o 31 de maio de 2015.

5. Só se subvencionará un proxecto presentado individualmente ou por unha agrupación de entidades. Por iso, só se poderá optar e concorrer a unha das clases especificadas no artigo 8 desta orde. No caso de entidades cuxa área de actuación se enmarque en varios concellos, asignarase unha única subvención para realizar un único proxecto común.

6. Os proxectos serán seleccionados dentro da clase a que expresamente opten a/s entidade/s solicitante/s con base na puntuación que acaden en aplicación dos criterios especificados no artigo 9 da presente orde.

7. Só serán seleccionados para a definitiva adxudicación da contía subvencionable aqueles proxectos que acaden unha puntuación mínima de 45 puntos da puntuación máxima teórica de 100 puntos acadable na fase de baremación.

8. Para o procedemento de selección e asignación da correspondente contía que resulte daquela, aplicarase o procedemento especificado nos puntos 5 e 6 do artigo 33 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no previsto nas presentes bases.

9. O empate na puntuación acadada entre entidades que presenten un proxecto de actuación para un concello ou agrupacións de concellos, resolverase a favor daquel proxecto que empregue a lingua galega tanto na redacción deste como no desenvolvemento das actividades propostas. No caso de persistir o empate, resolverase a favor daquel proxecto que xa fose subvencionado con anterioridade a través de convenios de colaboración coa Consellería de Sanidade, co fin de darlle continuidade temporal. A posible persistencia no empate resolverase por sorteo simple.

10. A subvención que se concederá para cada proxecto será aboada de conformidade co establecido no artigo 20 relativo á forma de pagamento e xestión económica.

#### Artigo 8. *Clases e contías das subvencións*

##### a) Clase 1.

Para proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva en concellos individuais ou agrupacións de concellos que abranguen unha poboación igual ou superior aos 50.001 habitantes, a concorrência competitiva terá carácter autonómico.



Destínanse a esta clase 120.000 euros da contía total da orde especificada no artigo 6.1, e outórgaselle subvención só ata un máximo de 4 proxectos que acaden maior puntuación.

Nesta clase a subvención mínima que se pode outorgar a cada proxecto acadará a contía de 25.000 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

b) Clase 2.

Para proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva en concellos individuais ou agrupacións de concellos que abrangan unha poboación igual ou superior aos 10.001 habitantes e igual ou inferior a 50.000, a concorrência competitiva terá carácter autonómico.

Destínanse a esta clase 147.000 euros da contía total da orde especificada no artigo 6.1, e outórgaselle subvención só ata un máximo de 5 proxectos que acaden maior puntuación.

Nesta clase, a subvención mínima que se pode outorgar a cada proxecto acadará a contía de 29.400 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

c) Clase 3.

Para proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva en concellos nos cales as entidades sen ánimo de lucro solicitantes pretendan desenvolver plans comunitarios de prevención das drogodependencias, a concorrência competitiva terá carácter autonómico.

Destínanse a esta clase 148.000 euros da contía total da orde especificada no artigo 6.1 e outórgaselle subvención só ata un máximo de 5 proxectos que acaden maior puntuación.

Nesta clase a subvención mínima que se pode outorgar a cada proxecto acadará a contía de 28.000 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

d) Clase 4.

Proxectos de prevención de drogodependencias dirixidos a comunidades étnicas con especial risco.

Destínanse a esta clase 35.000 euros da contía total da orde especificada no artigo 6.1 e outórgaselle subvención só ata un máximo de 2 proxectos que acaden maior puntuación.



Nesta clase, a subvención mínima que se pode outorgar a cada proxecto acadará a contía de 17.500 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

e) Clase 5.

Proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva nun programa de intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social, que teñan carácter autonómico ou, polo menos, supraprovincial.

Destínanse a esta clase 155.000 euros da contía total da orde especificada no artigo 6.1 e outórgaselle subvención só ata un máximo de 2 proxectos que acaden maior puntuación.

Nesta clase, a subvención mínima que se pode outorgar a cada proxecto acadará a contía de 77.500 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

Artigo 9. *Criterios de baremación*

Os criterios de baremación que serán aplicados á hora de seleccionar os proxectos presentados e que permitirán facer a proposta razoada das contías subvencionadas son os seguintes:

1. Calidade técnica, rigor metodolóxico e definición dun proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas: ata 58 puntos.

a) Para proxectos de prevención universal, selectiva e indicada especificados nos artigos 4.1 e 4.2 valorarase, segundo o índice recollido no anexo III, da forma seguinte:

- Valorarase ata 49 puntos totais: ata 7 puntos por cada programa de carácter básico que se desenvolva no ámbito especificado no artigo 4.1.

- Valorarase ata 9 puntos totais: ata 3 puntos por cada programa de carácter complementario que se desenvolva noutros ámbitos, segundo o especificado no artigo 4.2.

b) Para proxectos de prevención indicada especificados no artigo 4.3 valorarase, segundo o índice recollido no anexo III, da forma seguinte:

- Valorase ata 12 puntos o programa de captación de persoas drogodependentes e intervención na rúa.



- Valorarase ata 18 puntos o programa de centro de encontro e acollida, coa infraestrutura física indispensable para o seu desenvolvemento.

- Valorarase ata 16 puntos o programa de redución de riscos e diminución de danos propiamente dito: intercambio de material de inxección, dispensa e distribución de kits hixiénicos, preservativos, etc.

- Valorarase ata 12 puntos o programa de información-formación ás persoas destinatarias do proxecto.

Para a avaliación dos programas individuais e a asignación da súa correspondente puntuación, cada un deles computará ata un índice base de 100 unidades, equivalente ao máximo de 7 puntos alcanzables por cada programa de carácter básico e de ata 3 puntos por cada un dos programas de carácter complementario e voluntario. O cálculo da puntuación obtida farase efectuando a conversión das unidades en puntos mediante regra de tres simple.

2. Grao de interacción da entidade coas estruturas existentes no/s concello/s: implicación e coordinación cos recursos escolares, sociais, sanitarios e sociosanitarios do ámbito municipal, mediante as oportunas acreditacións dos organismos e instancias manifestados: ata 6 puntos.

3. Co fin de fomentar a agrupación de entidades, incentivaranse aqueles proxectos que promovan o asociacionismo mutuo presentando un proxecto común, segundo a seguinte puntuación:

- Proxecto que agrupe dúas ou máis entidades: 4 puntos.

4. Experiencia no desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias, expresada en anos de colaboración coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde, nesta materia:

a) Valorarase con ata 6 puntos aquela entidade que colaborase coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde durante 15 ou máis anos.

b) Valorarase con ata 4 puntos aquela entidade que colaborase coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde entre 10 e 14 anos.

c) Valorarase con ata 2 puntos aquela entidade que colaborase coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde 9 ou menos anos.



d) Valorarase con 0 puntos aquela entidade que nunca colaborase con anterioridade coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde.

No caso de se presentaren dúas ou máis entidades agrupadas que con anterioridade contasen, ambas, coa expresada colaboración, só se valorará esta epígrafe unha vez, e asignaráselle á agrupación os puntos da entidade con maior tempo de colaboración coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde.

5. Experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de redución de riscos e danos no consumo de drogas, e de prevención no eido das enfermidades transmisibles como o VIH ou a hepatite: ata 2 puntos.

6. Polo número de concellos en que desenvolven os programas e actividades de prevención presentadas no proxecto:

- a) Valorarase ata con 5 puntos se abranguen 5 ou máis concellos.
- b) Valorarase ata con 2 puntos se abranguen entre 4 e 3 concellos.
- c) Valorarase ata con 1 punto se abranguen só 2 concellos.

7. Segundo o índice de risco epidemiolóxico (IRE) de consumo de alcohol e outras drogas do espazo xeográfico en que desenvolven o proxecto:

- a) Valorarase con 10 puntos se o IRE está definido como alto.
- b) Valorarase con 5 puntos se o IRE está definido como medio-alto.
- c) Valorarase con 1 punto se o IRE está definido como menor.

8. Tendo en conta a formación profesional e a modalidade de contratación do persoal con que vaian contar a/as entidade/s para levar a cabo o proxecto e tomando como referencia as categorías de persoal do convenio único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, puntuarase ata un máximo de 9 puntos de acordo coa seguinte puntuación:

- a) Contratación a xornada completa.

Por cada titulado/a superior 3 puntos; por cada titulado/a de grao medio 2 puntos e por especialistas e persoas encargadas 1 punto.



b) Contratación a media xornada.

Por cada titulado/a superior 1,5 puntos; por titulado/a de grao medio 1 punto e por especialistas e persoas encargadas 0,5 puntos.

#### Artigo 10. *Cálculo das contías das subvencións*

1. Aos proxectos que resulten seleccionados segundo a súa clase asignaráselle o crédito dispoñible segundo a relación ordenada que se obteña de maior a menor ata completar a contía global ou orzamento asignado á clase, segundo o especificado no artigo 8.

2. Para fixar a contía das subvencións que se outorguen dividirase o total do orzamento correspondente a cada clase entre a suma de puntos obtida pola valoración de todos os proxectos seleccionados nesa clase, e obterase, deste xeito, a cantidade en euros establecida para cada punto.

Unha vez obtido, na clase correspondente, o valor en euros de cada punto, multiplícase pola puntuación obtida por cada proxecto presentado, para obter a contía da axuda.

3. Se nunha clase un ou varios proxectos fosen excluídos da asignación das axudas, ben por non acadaren a puntuación mínima exixida na fase de selección, ben porque a contía a outorgarlle, resultante de aplicar o método antes descrito, non acadase a subvención mínima que se outorgará, expresada, segundo a clase no artigo 8, ou por calquera outra circunstancia debidamente xustificada, a contía que se asignará aos proxectos restantes seleccionados na clase faríase da seguinte maneira:

a) Se o número de proxectos seleccionados nunha clase fose só un menos do número máximo que se vai subvencionar, o orzamento total desa clase non variará e adxudicarase entre os seleccionados segundo o método especificado no punto anterior.

b) Se o número de proxectos seleccionados fosen dous ou máis proxectos menos, dese máximo que se subvencionará na clase, o importe global da clase reducirase. O cálculo da redución farase da seguinte maneira.

Procederase a minorar do importe global da clase a suma das contías mínimas que estaban previstas para eses proxectos non seleccionados, repartindo esa suma como segue: o 50 % para incrementar o importe que se adxudicará entre os seleccionados da clase e o outro 50 % pasará a incrementar por igual o orzamento das demais clases.



4. De semellante maneira ao expresado no punto anterior procederáse cando un ou varios proxectos non se presenten á concorrencia nunha clase, resultando menos proxectos para seleccionar que o número especificado que se subvencionará na clase.

5. En caso de non resultar seleccionado ningún proxecto nunha determinada clase ou quedar deserta a concorrencia por mor de non se presentar ningún proxecto a ela, o orzamento global destinado a esa clase irá destinado en exclusiva a incrementar por igual os orzamentos das demais clases.

#### Artigo 11. *Documentación, lugar e prazo de presentación das solicitudes*

##### 1. Documentación.

Se a solicitude é presentada por unha única entidade privada, a documentación que se presentará será a seguinte:

a) Anexo I, de solicitude da subvención (deixando en branco o punto relativo á aceptación do nomeamento como representante e interlocutora única).

b) Anexos III.a e III.b, de memoria do proxecto.

c) Copia do NIF da entidade privada solicitante.

d) Copia compulsada do DNI da persoa representante no caso de non autorizar a consulta dos seus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No caso de que a solicitude sexa presentada por unha agrupación de entidades privadas, unha delas actuará como representante única e o resto darán o seu consentimento para que así sexa. En virtude do anterior, neste caso, presentarase a seguinte documentación:

a) Anexo I, de solicitude da subvención, cos datos da entidade privada que actuará como representante e interlocutora única, e demais puntos que figuran neste cubertos.

b) Anexo II, de declaración de axudas e consentimento. Presentarase un exemplar cuberto por cada unha das demais entidades privadas solicitantes da subvención, no que se dará o consentimento para que a entidade privada que asina o anexo I actúe como representante.



c) Anexos III.a e III.b, de memoria do proxecto.

d) Copia do NIF de todas as entidades privadas solicitantes.

e) Copia compulsada do DNI da persoa representante no caso de non autorizar a consulta dos seus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

## 2. Lugar de presentación.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Neste caso a documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deba ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

## 3. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.



#### 4. Autorizacións.

a) A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

b) A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e deberá presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

c) As solicitudes das persoas interesadas acompañarán os documentos e as informacións determinados no punto 1 deste artigo, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

d) De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións



que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

#### Artigo 12. *Emendas da solicitude*

As unidades administrativas da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública responsables da tramitación dos procedementos de concesión das subvencións reguladas nesta orde comprobarán que as solicitudes reúnen todos os requisitos exixidos. Se unha solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se achegar a documentación exixida, requirirase a entidade interesada para que, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude e se procederá conforme o establecido no devandito artigo.

#### Artigo 13. *Instrución e comisión de valoración*

##### 1. Órganos competentes.

O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión será a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública que, a través da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, en concreto, do Servizo de Prevención de Condutas Adictivas, realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos que deben motivar a proposta de resolución.

##### 2. Comisión de valoración.

Durante a instrución do procedemento constituirase como órgano colexiado unha comisión de valoración que, de acordo cos criterios de baremación das solicitudes establecidos no artigo 9 da presente orde, avaliará os proxectos das entidades solicitantes e emitirá o correspondente informe coa puntuación acadada polos proxectos presentados, realizará a selección e emitirá informe ao órgano instrutor.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan o/a presidente/a, ou persoa en que delegue, a persoa que exerza de secretario/a e, polo me-



nos, a metade dos seus membros. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes algún dos membros que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, designe o/a presidente/a da comisión.

Para o seu funcionamento, a comisión rexerese polo establecido no título II, capítulo II, artigos 22 ao 27 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativo aos órganos colexiados.

A comisión de valoración, facendo a motivación oportuna, poderá requirir ás entidades solicitantes das axudas, información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública ou persoa en quen delegue.

- Vogais:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.

- A persoa titular da xefatura do Servizo de Prevención de Condutas Adictivas.

- Un/unha técnico/a do devandito servizo, que actuará como secretario/a.

- Os/as técnicos/as do devandito servizo que, para o efecto, designe o/a presidente/a da comisión como avaliadores, se é o caso.

Na composición da comisión de valoración procurarase acadar unha composición equilibrada de homes e mulleres.

3. Unha vez avaliadas as solicitudes e á vista do informe da comisión de valoración, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública formulará a proposta de resolución debidamente motivada.



4. A proposta de resolución non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta mentres non se lle teña notificado a resolución de concesión.

#### Artigo 14. *Resolución*

1. A proposta de resolución será elevada polo órgano instructor á persoa titular da Consellería de Sanidade que, de conformidade co previsto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, ditará a resolución definitiva. A dita resolución deberá conter, de maneira expresa, a relación de entidades solicitantes ás cales se lles concede a subvención e a desestimación do resto das solicitudes, se é o caso.

2. As resolucións de concesión de subvencións serán motivadas e notificaranse ás entidades beneficiarias no prazo de cinco meses. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, as entidades interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. Todo incumprimento ou alteración das condicións en que se basea a concesión da subvención e, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Artigo 15. *Notificación e publicación*

1. A resolución definitiva deberá ser notificada ás entidades interesadas de forma individualizada de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A notificación de forma individualizada farase sen prexuízo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, de conformidade co establecido nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* deberá conter a relación de entidades solicitantes ás cales se conceden, desestiman e non conceden, subvencións para os respectivos proxectos, con indicación da norma reguladora, a súa correspondente contía e as causas de denegación, se é o caso.

3. De conformidade co establecido nos artigos 14.2 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no artigo 13.3 e 4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan



os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade publicará na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

4. Conforme o establecido no artigo 14.1.m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderán existir circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dean lugar á modificación da resolución de concesión.

5. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos ao abeiro desta orde se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento, e pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixindo un escrito á:

Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Servizo de Prevención de Condutas Adictivas, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 1º andar, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña.

6. De conformidade coa normativa vixente infórmase as entidades interesadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

#### Artigo 16. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

2. A aceptación ou renuncia da subvención farase mediante a presentación do formulario normalizado proposto no anexo IV, ou por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



3. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a conselleira de Sanidade ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.

#### Artigo 17. *Recursos*

1. Contra a resolución do procedemento que pon fin á vía administrativa, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a conselleira de Sanidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución á entidade interesada.

2. Igualmente procederá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa; se non for así, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

3. De presentarse recurso potestativo de reposición, non poderá acudir á vía contencioso-administrativa ata que este sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

4. Non obstante, de conformidade co disposto no artigo 44 da referida Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase requirir previamente o órgano que ditou a resolución para que derogue a disposición, anule ou revogue o acto, no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se non for contestado no mes seguinte á súa recepción.

#### Artigo 18. *Conceptos subvencionables*

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no artigo 7.4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. En particular, subvencionaranse os seguintes conceptos de gasto:

a) Gastos de persoal, ás retribucións en nómina sumaráselles os gastos de Seguridade Social correspondentes á empresa e o seu total constituirá o gasto subvencionable por custos de persoal laboral.



b) Axudas de custo por mantenza e desprazamento, debidamente xustificadas en relación co proxecto.

c) Gastos materiais. Neste sentido admitiranse gastos derivados da difusión e da visualización social do proxecto, gastos de material preventivo ou divulgativo.

d) Gastos xerais derivados do mantemento do servizo tales como os correspondentes a alugueiros dos locais, asesoría, electricidade, gas, auga, telefonía, lixo ou comunidade.

e) Custos indirectos, sempre que sexan imputados á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda.

f) Gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e gastos periciais se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a súa preparación ou execución.

g) Os tributos consideraranse gastos subvencionables cando a entidade/s beneficiaria/s desta axuda os aboe efectivamente e sempre que, no caso dos impostos indirectos, non sexan pola súa parte susceptible de recuperación ou compensación.

h) Non obstante, en ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, así como os xuros, recargas ou sancións administrativas ou os gastos de procedementos xudiciais.

2. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación e os pagamentos ou as súas obrigas débense acreditar a través de facturas e os xustificantes de pagamento bancarios correspondentes. En todo caso, a forma de xustificación deberá atender ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 19. *Xustificación*

Unha vez rematado o desenvolvemento do proxecto e, en todo caso, antes do 1 de xullo de 2015, as entidades beneficiarias remitirán á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública a seguinte documentación, co fin de realizar as propostas de pagamento da subvención concedida:

1. Declaración da entidade peticionaria da subvención na que figure o conxunto das subvencións e das axudas solicitadas para a mesma finalidade, procedentes das admi-



nistracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas ou as pendentes de resolución, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade o financiamento das actuacións obxecto da subvención.

2. Memoria dos programas e das actividades realizadas no período obxecto da subvención. Será presentada segundo o sistema de información con que conta a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Informes de Memoria que recolle o Sistema de Avaliación de Programas de Prevención de Drogodependencias (Xesapi).

3. Presentarase un resumo de gastos, en que figurarán a suma de cada concepto, derivados do desenvolvemento do proxecto, debidamente asinados polo/a tesoureiro/a da entidade e co visto e prace do/a presidente/a da entidade, gastos que terán que ser iguais ou superiores ao importe do proxecto subvencionado. En todo caso, a forma de xustificación deberá atender ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no que segundo especifica o seu número 6, a xustificación deberá comprender a totalidade dos gastos dos programas e actividades desenvolvidas, debendo acreditar os gastos da subvención outorgada. Ademais, observarase o previsto no artigo 29.2 desa mesma lei con relación ao concepto de gasto realizado.

4. Segundo o artigo 7.4 desta orde, as actuacións que se subvencionan deberán efectuarse desde o 1 de xuño de 2014 e, consecuentemente, os xustificantes de pagamento que soporten as ditas actuacións poderán referirse a gastos xerados a partir dese momento. A documentación xustificativa dos gastos e pagamentos presentarase pola beneficiaria na forma que se especifica no artigo 20, coa finalidade de ser realizado pola Comunidade Autónoma o correspondente recoñecemento da obriga.

5. A xustificación acreditará expresamente o destino e o importe dos gastos efectivamente realizados con cargo a cada programa ou axuda. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, acreditarase na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades.

6. Para poder efectuar os pagamentos previstos deberanse acreditar os gastos efectuados mediante xustificacións orixinais ou copias compulsadas de facturas ou documentos con valor probatorio equivalente, nóminas ou boletíns de cotización á Seguridade Social.



As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente e nelas constarán:

- Número de factura.
- Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e enderezo, tanto do/a expedidor/a como do/a destinatario/a.
- Descrición da operación e a súa contraprestación total, indicando o tipo impositivo aplicado.
- Lugar e data da súa emisión.

7. A estas xustificacións deberá xuntárselle unha relación en listaxe simple consecutiva, ordenadas segundo os conceptos de gasto a que se atribúen (persoal, materiais ou gastos xerais de mantemento e xestión) e dentro destes, correlativas segundo a súa data de emisión.

8. Nesta relación figurará, para cada un dos conceptos, o número de orde da factura, o número de factura, a data de emisión, o/a provedor/a, a descrición do gasto, o programa a que se atribúe e o importe da factura.

9. Tanto a presentación das facturas como a demais documentación xustificativa dos gastos e a súa relación ordenada son requisitos imprescindibles para a tramitación do mencionado pagamento e devolverase toda a xustificación que non o cumpra.

10. O pagamento final da subvención correspondente quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu, nos termos e na forma que estableza a resolución da concesión.

11. Ao remate do proxecto, xunto coa memoria dos programas e actividades obxecto do período correspondente, xuntarase copia de todos os materiais divulgativos xerados.

12. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total do proxecto que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.



## Artigo 20. *Pagamento e xestión económica*

1. O recoñecemento da obriga e o pagamento posterior da subvención á entidade beneficiaria farase sempre que esta xustifique, de acordo coa normativa aplicable, a realización do obxecto da subvención, o cumprimento das condicións e as súas finalidades.

2. Os pagamentos correspondentes a cada subvención concedida realizaranse de conformidade co previsto nos artigos 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e farase efectiva do seguinte xeito:

### a) Anualidade de 2014.

- Primeiro pagamento de carácter anticipado, equivalente ao 60 % da contía total da subvención outorgada, en concepto de gastos de preparación, posta en marcha e execución inicial de actividades do proxecto. Este pagamento, de carácter anticipado, efectuarase unha vez ditada a resolución de concesión, logo de aceptación da subvención concedida, e deberá ser xustificado posteriormente con ocasión da presentación da xustificación do pagamento final.

### b) Anualidade de 2015.

- O libramento do pagamento do 40 % restante levarase a cabo cando estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes ás actividades do proxecto subvencionado, e efectuarase tras a presentación da documentación requirida no artigo 19, e á vista do informe de conformidade que emita a Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables con relación á memoria final presentada sobre o proxecto.

Cara a unha mellor e máis eficiente xestión, a solicitude deste derradeiro pagamento deberá presentarse ante a Consellería de Sanidade antes do 1 de xullo de 2015.

Todo pagamento da subvención outorgada exige a acreditación das circunstancias previstas no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## Artigo 21. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Serán obrigas das entidades beneficiarias as recollidas con carácter xeral no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



2. Quedarán tamén obrigadas a dar adecuada publicidade e difusión, por calquera clase de medio, escrito ou audiovisual, da participación da Xunta de Galicia nas actividades que se desprendan do proxecto subvencionado.

3. Obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

4. Deberán cumprir as condicións exixidas para a concesión da subvención. No caso de posible incumprimento, aplicarase o criterio de proporcionalidade previsto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para determinar a cantidade que finalmente teña que percibir ou, se é o caso, a cantidade que se debe reintegrar.

5. Calquera outra das obrigas establecidas na normativa vixente en materia de subvencións.

#### Artigo 22. *Revogación e reintegro das axudas*

O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde, así como a duplicidade de axudas con cargo a outros créditos dos orzamentos xerais do Estado, da Seguridade Social e da Administración institucional, autonómica ou local, constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro pola entidade beneficiaria ou solicitante, xunto cos xuros de demora.

#### Artigo 23. *Infraccións e sancións*

No relativo a esta materia rexerá o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### Disposición derradeira primeira

Aos aspectos non contidos nesta orde aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e, supletoriamente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.



#### Disposición derradeira segunda

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública adoptará as medidas oportunas para o seguimento, avaliación, difusión e execución dos proxectos seleccionados, previstos nesta orde.

#### Disposición derradeira terceira

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública para ditar as instrucións necesarias que permiten a aplicación e desenvolvemento desta orde.

#### Disposición derradeira cuarta

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Rocío Mosquera Álvarez  
Conselleira de Sanidade





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>SA463F</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

CARGO  TELÉFONO  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

**DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA**

NOME DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA

CONTÍA TOTAL DO PROXECTO  = CANTIDADE SOLICITADA  + CONTÍA DO COFINANCIAMENTO  CLASE Á QUE OPTA

**NOME DE CADA UNHA DAS ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE SE AGRUPAN PARA DESENVOLVER O PROXECTO PRESENTADO**

ENTIDADE 1

ENTIDADE 2

ENTIDADE 3

ENTIDADE 4

NÚMERO TOTAL DE ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

CVE-DOG: 8mn6l9z7-9wr9-ykj4-f5f8-yh2h84ojdqdu5



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**ANEXO I**  
(continuación)

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

AXUDA/S SOLICITADA/S		AXUDA/S CONCEDIDA/S	
ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU ALGUNHA AXUDA PARA ESTE PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	ENTIDADE QUE NOS CONCEDEU ALGUNHA AXUDA PARA ESTE PROXECTO	CONTÍA CONCEDIDA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN**

Anexo II (só se presentará se a solicitude é dunha agrupación. Nese caso presentarase un por cada entidade privada, agás a entidade representante).

Anexo III.a.

Anexo III.b.

Copia do DNI da persoa representante (no caso de non autorizar a consulta dos seus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade).

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do NIF da entidade ou entidades privadas solicitantes.	<input type="checkbox"/>			
Outro documento	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 35, letra f), da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente. Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non trascorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.

**ACEPTACIÓN DE NOMEAMENTO COMO REPRESENTANTE ÚNICA ANTE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DUNHA AGRUPACIÓN DE DÚAS OU MÁIS ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO**

Acepto o nomeamento de representante e interlocutora única ante a Consellería de Sanidade da agrupación constituída polas entidades privadas sen ánimo de lucro anteriormente mencionadas, para a presentación e xestión do Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas proposto conjuntamente, segundo o disposto ao abeiro da Orde do \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_ pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro.

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Sanidade publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Inclúirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 4 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

CVE-DOG: 8mn6l9z7-9wr9-ykj4-f5f8-yh2h84jdqu5




 XUNTA DE GALICIA  
 CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO II

**DECLARACIÓN DE AXUDAS E CONSENTIMENTO DUNHA ENTIDADE PRIVADA  
 PARA QUE OUTRA ACTÚE COMO REPRESENTANTE ANTE A CONSELLERÍA DE SANIDADE**  
 SA463F - SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS  
 PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>			
RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN,</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

AXUDA/S SOLICITADA/S		AXUDA/S CONCEDIDA/S	
ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU ALGUNHA AXUDA PARA ESTE PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	ENTIDADE QUE NOS CONCEDEU ALGUNHA AXUDA PARA ESTE PROXECTO	CONTÍA CONCEDIDA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**CONSENTIMENTO PARA QUE OUTRA ENTIDADE PRIVADA SEN ÁNIMO DE LUCRO DA AGRUPACIÓN DA QUE FORMA PARTE, ACTÚE COMO REPRESENTANTE ÚNICA ANTE A CONSELLERÍA DE SANIDADE**

Consinto que a entidade privada sen ánimo de lucro  sexa a representante única diante da Consellería de Sanidade, para a presentación e xestión do Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas proposto conjuntamente, segundo o disposto ao abeiro da Orde do \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_ pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro ou agrupacións destas.

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Sanidade publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Inclúir, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



CVE-DOG: 8mn619z7-9wr9-ykj4-f5f8-yh2h840jdqu5



**ANEXO III  
MEMORIA DO PROXECTO**

SA463F - SUBVENCÍONS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

O proxecto que se presente mediante este anexo deberá de ir acompañado do anexo I de solicitude da axuda que se formule.

Anexo III.a.

1. Extensión:

- Unha páxina (unha cara tamaño DIN-A4).
- Tipografía: Calibri corpo 11.

2. Estrutura:

- Título do proxecto.
- Nome da/s entidades/s sen ánimo de lucro que o presenta/n.
- Áreas de actuación/intervención.
- Memoria xeral do proxecto.

Anexo III.b.

1. Extensión:

- Tres páxinas (3 caras tamaño DIN-A4) para cada programa.
- Tipografía: Calibri corpo 11.

O tamaño de cada recadro é meramente orientativo, quedando á vontade do/a relator/a a maior ou menor extensión de cada punto, sempre que se respecte a mencionada extensión e corpo de tipografía.

2. Modelo estándar para cada un dos PROGRAMAS que se presentan:

Os programas e actividades para cada ámbito de actuación adecuaranse á carteira de servizos en materia de prevención de drogodependencias da DXIXSP.

Non é obrigatoria a presentación da totalidade dos 7 programas de carácter básico reflectidos máis adiante, pero si a exigencia de presentar ao menos un deles por ámbito.

a) Os programas de carácter básico e voluntario susceptibles de subvención son:

Ámbito escolar.

- Programa de prevención universal do consumo de drogas no ámbito educativo: «PPCDE/Saúde na escola e intervención socioeducativa na aula».
- Programa de prevención selectiva: «Non pasa nada, Pasa algo».



Ámbito familiar.

- Programa de prevención universal: «Mais que un teito».
- Programa de prevención selectiva: «En familia todos contan».
- Programa de prevención indicada: «Entre todos».

Ámbito xuvenil.

- Programa de prevención universal: «Activa».
- Programa de prevención selectiva: «Cambio de sentido».

b) Os programas e/ou actividades de carácter complementario e voluntario, tamén susceptibles de subvención, son:

- Programa de prevención no ámbito laboral: «Ao alcance».
- Programas de actividades transversais de Información-sensibilización, cine e saúde, etc.
- Formación de mediadores sanitarios/as e sociais, programa de prevención en clave de xénero: «Penélope».

Para a avaliación dos programas e a asignación da súa correspondente puntuación, cada un deles computará ata un índice base de 100 unidades, equivalente ao máximo de 7 puntos alcanzables por cada programa de carácter básico e de ata 3 puntos por cada un dos programas de carácter complementario e voluntario. O cálculo da puntuación obtida farase efectuando a conversión das unidades en puntos mediante regra de tres simple.

3. Índice.

a) Calidade do programa.

- Xustificación da necesidade ou análise da situación.
- Modelo teórico e metodoloxía.
- Recursos económicos e materiais previstos.
- Concreción do orzamento.

b) Definición do programa.

- Descrición da poboación destinataria.
- Definición dos obxectivos.
- Definición das actividades.
- Temporalidade/cronograma.
- Avaliación.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

## ANEXO III.A

PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS  
(Información xeral do proxecto)

SA463F - SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS  
PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN,

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## TÍTULO DO PROXECTO

ENTIDADE/S QUE PRESENTA/N O PROXECTO (entidade ou entidades sen ánimo de lucro que presentan o proxecto)

ÁREA DE ACTUACIÓN/INTERVENCIÓN (área/s xeográfica/s na/s que se desenvolverá o proxecto)

## MEMORIA XERAL DO PROXECTO

## SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

## ANEXO III.B

PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS  
(Modelo estándar para cada un dos programas previstos no proxecto)

SA463F - SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS  
PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## DATOS DO PROGRAMA

NOME

ÁMBITO DE ACTUACIÓN (escolar, familiar, xuvenil, etc.)

TIPO DE PREVENCIÓN (universal, selectiva, indicada, etc.)

## XUSTIFICACIÓN

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE OU ANÁLISE DA SITUACIÓN

## MODELO TEÓRICO E METODOLOXÍA

## RECURSOS ECONÓMICOS E MATERIAIS PREVISTOS

CVE-DOG: 8mn6l9z7-9wr9-ykj4-f5f8-yh2h84ojdq5



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO III.B  
(continuación)

**XUSTIFICACIÓN (continuación)**

**CONCRECIÓN DO ORZAMENTO**

**DESCRIPCIÓN DA POBOACIÓN DESTINATARIA**

**DEFINICIÓN DOS OBIECTIVOS**

**DEFINICIÓN DAS ACTIVIDADES E METODOLOXÍA**

**TEMPORALIDADE/CRONOGRAMA**

CVE-DOG: 8mn6l9z7-9wr9-ykj4-f5f8-yh2h84ojdqu5



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO III.B  
(continuación)

XUSTIFICACIÓN (continuación)

AVALIACIÓN

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



CVE-DOG: 8mn6l9z7-9wr9-ykj4-f5f8-yh2h84ojdqu5



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

SA463F - SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS  
PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>			
RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN,</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN</b>			
ENTIDADE OU AGRUPACIÓN DE ENTIDADES			CÓDIGO DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>			<input type="text"/>
En relación coa solicitude presentada no procedemento que se indica, a persoa que asina o presente documento declara que:			
<input type="radio"/> Acepta a subvención concedida.			
<input type="radio"/> Renuncia á subvención concedida.			
<b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b>			
Lugar e data			
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>
		de	<input type="text"/>



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>